



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 28 de setembro de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez.  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego.  
D. Carlos López Font.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e trinta e oito minutos do día vinte e oito de dous mil dezoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1070).- .RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1071).- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 70/441.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta de data 28/09/18, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de setembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (70-441)

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (70-441)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 31 de agosto de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (70-441).

**Segundo.-** Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 26 de setembro de 2018:

*“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 05-09-2018, para a contratación por procedemento aberto do “Subministro de gas natural canalizado para as distintas instalacións e dependencias de titularidade do Concello de Vigo recollidas no Anexo I do PPT. EXPTE. 70-441” que rematou o día 20 de setembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes non figura que se presentase ningunha oferta económica”.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Único.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para este procedemento, como consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 26 de setembro de 2018, cómpre declarar deserta esta licitación.



## Concello de Vigo

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (70-441) por non terse presentado ningunha proposición”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1072).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, TRANSFORMADORES Y EXPORTADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR)”.EXPTE. 14997/77.**

Visto o informe de fiscalización do 27/09/18, dáse conta do informe-proposta do 26/09/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego, e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, achegou en data 19/02/2018 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (CÓD. SOLICITUDE: W262419-6697), unha solicitude de inicio de tramitación do convenio entre o Concello de Vigo e Conxemar para o fomento municipal de emprego en 2018, achegando a seguinte documentación complementaria:

- certificado do secretario da entidade do acordo adoptado pola xunta directiva en data 30/01/2018 aceptando os termos do convenio co Concello de Vigo para subvención da feira Conxemar 2018, facultando ao presidente da Asociación, don José Luis Freire Freire, para asinar cantos actos, contratos e documentos sexan precisos para o bo fin do convenio.

- declaración xurada de non ter solicitada ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para o fomento do emprego.

- declaración xurada de que a entidade (tanto a sociedade coma os seus socios) non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei Xeral de Subvencións; e de non atoparse en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.

- memoria de actividades e orzamento

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 24/09/2018.

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 26/09/2018.

- certificado de estar ao corrente das obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 13/09/2018.

II. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410.4700003 “Convenio Feira Conxemar”, por importe de 100.000,00 €.

III. En data 20/02/2018 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

IV. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 09/04/2018 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

V. O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, achegou memoria xustificativa e borrador do convenio.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. Obxecto:**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura, CONXEMAR”, para fomento do emprego por mor da organización da “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar”, mediante a instrumentalización do convenio cuxo texto se propón para aprobación co fin de regular os termos da concesión da devandita axuda.

### **II. Procedemento de concesión directa:**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.



## Concello de Vigo

Xa que logo, a concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que figuran neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:**

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos.

Pola outra parte, asinará o convenio o presidente da asociación, don José Luis Freire Freire, segundo resultou acreditado mediante certificación expedida polo secretario da entidade, incorporada ao expediente.

### **IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:**

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Indícase a tal efecto que o artigo 25.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que interesa ao presente convenio, en materia de feiras.

Así mesmo, o convenio reflicte a repercusión que cara o fomento do emprego representa a organización do evento, que ven desenvolvéndose coa colaboración municipal desde o ano 2013, integrándose no marco das políticas activas de emprego polas que esta Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e

sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Cómpre lembrar a este respecto que o fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

#### **V. Contido do convenio:**

Os convenios regúlanse con carácter xeral na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, cuxo art. 48.7 establece que cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto das bases 38.4 e 40 das de execución dos vixentes orzamentos municipais, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no convenio que se propón para aprobación e que se acompaña da correspondente memoria xustificativa, figuran os antecedentes, razóns de necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión e os obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Tal e como consta nos antecedentes do presente informe xurídico con proposta de resolución, o expediente incorpora: as preceptivas certificacións polas que a beneficiaria acredita estar ao corrente coa Tesourería Xeral da SS.SS., AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo, as declaracións responsables asinadas polo lexítimo representante da asociación de cumprimento dos requisitos esixidos pola lexislación sectorial e a existencia de crédito orzamentario para facer efectiva a subvención proposta por importe de 100.000 € con cargo á partida 2410.4700003 “Convenio Feira Conxemar” dos vixentes Orzamentos municipais do 2018.

O pacto terceiro do convenio contempla que esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD



## Concello de Vigo

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

O pacto cuarto recolle a posibilidade de que para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

O pacto décimo segundo contempla que serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de xaneiro de 2018 e o 30 de setembro de 2018**, sempre que estean directamente relacionados cos gastos de persoal dos postos de traballo da sede da Asociación en Vigo, na que traballan os profesionais adicados á organización do evento.

O convenio incorpora unha cláusula expresa referida á inexistencia de relación laboral do Concello de Vigo respecto dos traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da subvención que se propón conceder á entidade.

### **VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:**

A fin de dar cumprimento á **Instrución municipal do 14/02/2018 sobre Operacións de xustificacións de subvencións do exercicio orzamentario 2018**, o pacto décimo do convenio establece que a beneficiaria, antes do **15 de outubro de 2018**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación

utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

## **VII. Publicidade:**

En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

## **VIII. Órgano competente:**

O art. 9.4 da LXS e o art. 6.4 da LSG establecen coma requisitos previos de outorgamento de subvencións: a competencia do órgano concedente, a existencia de crédito axeitado e suficiente, a tramitación do correspondente procedemento, a fiscalización previa e a aprobación do gasto polo órgano competente.

O artigo 74 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

## **IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo





## Concello de Vigo

órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

1. Aprobar o convenio de subvención nominativa entre o Concello de Vigo e a “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, con CIF: G36636819, que se xunta no anexo I do presente acordo.
2. Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á partida nominativa 2410.4700003 “Convenio Feira Conxemar”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018 e, comprometer o mesmo a favor da “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio.
3. Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio en caso de ser precisa a substitución da Alcaldía-Presidentencia do Concello de Vigo.
4. Rexistrar os datos estruturados do convenio para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O presente acordo poderá ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación

presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Na Casa do Concello de Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil dezaeito

### **REUNIDOS**

Dunha parte, o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, don Abel Caballero Álvarez, con enderezo na Praza do Rei nº 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra, don José Luís Freire Freire, como presidente da Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), con CIF: G36636819, e enderezo social en Avenida Beiramar, 29 de Vigo.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Tendo as partes, no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan, a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio

### **EXPOÑEN**

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así coma o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, e tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose dende o ano 2013, integrándose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas orga-



## Concello de Vigo

nizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A celebración de feiras sectoriais e en concreto a de produtos do mar conxelados, permite:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar”, ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción.  
Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo facturaron máis de 3.000 millóns de euros en 2016, e manteñen máis de 7.000 empregos directos.
- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira, xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tal e como se pode desprender dos datos da Feria realizada no ano 2017, no que tivo 611 expositores de 43 países e 31.370 visitantes profesionais procedentes de 104 países, o que supón un 4% e un 4,5% respectivamente máis con relación a feira do ano 2016. Calcúlase que cada visitante da “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar”, deixa na cidade unha media de 300 €/día. A celebración da feira é un dos escasos períodos do ano, se non o único, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.
- O fomento do emprego derivado directamente da organización da “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar”, que ademais de implicar a centos de traballadores de diferentes sectores na súa instalación, desenvolvemento e desmontaxe, contribúe directamente ao mantemento dos postos de traballo da sede da Asociación en Vigo, na que traballan os profesionais adicados á organización do evento.

### MANIFESTAN

I.- Que a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 19 de febreiro de 2018 (CÓD. SOLICITUDE: W262419-6697), conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- a) promover o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colaborar nun maior benestar social,
- b) a organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar entidades sen ánimo de lucro destinadas a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral e empresarial na actualidade na cidade de Vigo:

Desemprego rexistrado por sexo:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Marzo 2018		
Desemprego	Homes	Mulleres
23.808	10.238	13.570

Desemprego rexistrado por sector de actividade:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Marzo 2018					
TOTAL	AGRICULTURA E GANADERÍA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
23.808	375	2.737	1.548	17.176	1.972

- *Datos correspondentes a marzo de 2018, segundo a web da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento do sector alimentario, e concretamente do relacionado cos produtos conxelados do mar, así como da súa implantación no sector empresarial e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2018, para o desenvolvemento dun convenio coa Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR) para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, cuxo obxecto é fomento do emprego no marco da celebración da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados, considerada a primeira do mundo no sector do conxelado durante o segundo semestre do ano, e que na edición en 2017 contou coa participación de 611 expositores (4 % máis que o ano anterior, destacando novamente a presenza da FAO) de 43 países, con visitantes profesionais procedentes de 104 países de todo o mundo.

V.- Que CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este



## Concello de Vigo

Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”, o Concello de Vigo e a dita entidade CONXEMAR conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.-** CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de xestión da entidade e da dinamización sectorial das empresas adicadas ao conxelado de produtos do mar, a dinamización da actividade económica da cidade, e concretamente, a:

1. O fomento do emprego derivado directamente da organización da “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar” contribuíndo ao mantemento dos postos de traballo da sede da Asociación en Vigo, na que traballan os profesionais adicados á organización do evento.
2. O fomento do emprego por mor da organización da “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar” e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio, o que implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe. A Feira mobiliza anualmente a preto de medio millar de traballadores entre o persoal contratado pola organización e o contratado directamente polas empresas expositoras.
3. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
4. Nas oficinas de administrativas da entidade e na entrada ao recinto, deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
5. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respetar a estrutura organizativa de CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”.
- Conceder directamente á CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura” unha subvención total por importe de 100.000,00 € con cargo á partida nominativa 2410.4700003 “Convenio Feira Conxemar”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, para fomento do emprego por mor da organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:



## Concello de Vigo

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos.

**Oitavo.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos, que ostentará a Presidencia e que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
2. Tres vogais:
  - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
  - b) Dous membros da Xunta directiva da entidade CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, e estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o orzamento executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Décimo.-** A beneficiaria, antes do **15 de outubro de 2018**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos

recibidos, a fin de dar cumprimento á Instrución municipal do 14/02/2018 sobre Operacións de xustificacións de subvencións do exercicio orzamentario 2018.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos gastos incorridos (retribucións de persoal) mediante a aportación da seguinte documentación:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser





## Concello de Vigo

debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de xaneiro de 2018 e o 30 de setembro de 2018**, sempre que estean directamente relacionados cos gastos de persoal dos postos de traballo da sede da Asociación en Vigo, na que traballan os profesionais adicados á organización do evento.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos. O xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención á que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

**Décimo sétimo.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na normativa de protección de datos de carácter persoal e do procedemento administrativo común das Administracións

Públicas, podendo a beneficiaria exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

**Décimo oitava.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura, (CONXEMAR)” no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo novena.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### **4(1073).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE 5 POLICÍAS LOCAIS POLA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES OEP 2010/2011. EXPTE. 32452/220.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta de data 27/09/18, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal , que di o seguinte:

##### **Antecedentes e motivación:**

O Órgano de selección encargado de vulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de cinco prazas de Policía Local (quenda de mobilidade horizontal) incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, en réxime funcional de dedicación exclusiva, enmarcada no grupo C, Subgrupo C1; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, policía local; categoría, policía local, para os efectos de titulación, na súa sesión de data 31/05/2018, acordou propoñer aos seguintes aspirantes por orden de puntuación:

<i>D. Feijó Sanchez, J.</i>	.....	<i>75,355 puntos.</i>
<i>D. Pardo Otero, C.</i>	.....	<i>74,28 puntos.</i>
<i>D. Sabucedo Bestilleiro, F.</i>	.....	<i>73,94 puntos.</i>
<i>D. Currás Rincón, J. M.</i>	.....	<i>73,6 puntos.</i>
<i>D. Arias estevez, D.</i>	.....	<i>71,79 puntos.</i>

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 05/07/2018.



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, con data 30 de agosto do 2018, acordou o nomeamento como funcionarios de carreira dos seguintes aspirante:

*D. Feijó Sanchez, J. con DNI \*\*.\*\*\*.650-Z*  
*D. Pardo Otero, C. con DNI \*\*.\*\*\*.991-Z*  
*D. Sabucedo Bestilleiro, F. con DNI \*\*.\*\*\*.191-D*  
*D. Currás Rincón, J. M. con DNI \*\*.\*\*\*.916-M*  
*D. Arias estevez, D. con DNI \*\*.\*\*\*.931-S*

Con data 17 de setembro do 2018 recíbese na Área de Recursos Humanos e Formación a renuncia expresa á praza obtida do aspirante D. Currás Rincón, J. M. con DNI. \*\*.\*\*\*.916-M, contida en escrito presentado no rexistro con nº de documento 180150253.

Segundo consta na acta núm. 21 do órgano de selección, compróbase que o/a seguinte aspirante que obtivo mellor puntuación se corresponde co núm. 6 da lista, D<sup>a</sup> Reza Gómez, M. R. cunha puntuación de 65,14 puntos.

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

Por tanto, resulta necesario proceder á modificación do acordo da Xunta de Goberno Local de 30/08/2018, dando entrada á seguinte persoa da lista á vista da renuncia expresa presentada.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; visto o contido da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decretos de Alcaldía e acordos da Xunta de Goberno Local de datas de 19/06/2015 e 30/12/2016, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, coa conformidade da Xefatura da Área, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**"PRIMEIRO:** Modificar, como consecuencia da renuncia presentada no rexistro polo aspirante D. Currás Rincón, J. M. con DNI. \*\*.\*\*\*.916-M (nº de documento 180150253) o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de agosto do 2018 (expediente nº 32.452/220) onde se acordaba nomear como funcionarios de carreira aos seguintes aspirantes, como Policías Locais, para cubrir as prazas por mobilidade horizontal das ofertas de emprego público 2010/2011:

*D. Feijó Sanchez, J. con DNI \*\*.\*\*\*.650-Z*  
*D. Pardo Otero, C. con DNI \*\*.\*\*\*.991-Z*  
*D. Sabucedo Bestilleiro, F. con DNI \*\*.\*\*\*.191-D*  
*D. Currás Rincón, J. M. con DNI \*\*.\*\*\*.916-M*  
*D. Arias estevez, D. con DNI \*\*.\*\*\*.931-S*

Quedando en consecuencia o dito acordo redactado como de seguido se indica:

“Nomear funcionarios/as de carreira, con cargo ás prazas vacantes de **POLICÍA LOCAL**, das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2010/2011, pola quenda de mobilidade horizontal, aos seguintes aspirantes, propostos polo Órgano de Selección, que superaron o concurso-oposición.

<i>D. Feijóo Sanchez, J.</i>	.....	<i>75,355 puntos.</i>
<i>D. Pardo Otero, C.</i>	.....	<i>74,28 puntos.</i>
<i>D. Sabucedo Bestilleiro, F.</i>	.....	<i>73,94 puntos.</i>
<i>D. Arias estevez, D.</i>	.....	<i>71,79 puntos.</i>
<i>D<sup>a</sup> Reza Gómez, M. R.</i>	.....	<i>65,14 puntos.”</i>

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, os presentes nomeamentos unicamente terán efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarios/as de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo aos interesados/as, Sres. Concelleiros-delegados das Áreas de Xestión Municipal, Seguridade e Mobilidade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios, Intendente-xefe do Corpo da Policía Local, Intervención Xeral Municipal, Área de Recursos Humanos e Formación (persoal técnico da Área, Negociado de Seguridade Social e Inspector auxiliar de Persoal) e Comité de Persoal aos efectos oportunos”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e corenta minutos Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez.